

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que se celebrará o día 5 de novembro de 2021, ás 12:00 horas no Salón de Plenos da Deputación Provincial.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 21/2021, de 22 de outubro.

Asesoría Xurídica

2. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 40815/2021, de 18/10/2021, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 211/2021, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 2 dos da Coruña, sobre tributos - plusvalía.

3. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 41209/2021, de 20/10/2021, pola que se dispón a comparecencia no recurso PO 244/2021, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Ferrol, sobre tributos - IAE.

4. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 42088/2021, de 26/10/2021, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 223/2021, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 dos da Coruña, sobre sanción de tráfico.

5. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 41207/2021, de 20/10/2021, pola que se dispón o acatamento e cumprimento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 dos da Coruña, de 06/10/2021, recaída no recurso PA 126/2021, sobre recadación.

6. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 41206/2021, de 20/10/2021, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 229/2021, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 2 dos da Coruña, sobre responsabilidade patrimonial - especie cinexética.

7. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 41208/2021, de 20/10/2021, pola que se dispón o acatamento e cumprimento da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección nº3 de A Coruña, de 11/06/2021, recaída no recurso AP 7041/2021, sobre Resolución dá Subdirectora provincial de procedementos especiais, de 08/10/2019, e contra a Resolución do Director provincial dá T.G.S.S., de 10/12/2019, que desestima a reclamación formulada contra a anterior.

Servizo de Asistencia Técnica a Concellos

8. Aprobación dun informe sobre os proxectos de revisión do Plan Hidrolóxico e do Plan de Xestión do Risco de Inundación da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa (ciclo 2021-2027) e dos seus correspondentes estudos ambientais estratéxicos.

9. Aprobación dun informe sobre a prórroga de vixencia da declaración de impacto ambiental do proxecto Prolongación do acceso ao Porto Exterior da Coruña.
10. Aprobación dun informe sobre o proxecto de "Actuacións na morfoloxía na praia da Madalena. Cedeira".
11. Aprobación dun informe sobre o "Proxecto de interese autonómico do parque eólico As Encrobas".
12. Aprobación dun informe sobre a autorización administrativa do "Proxecto do parque eólico Santuario e a súa infraestrutura de evacuación".
13. Aprobación dun informe sobre a avaliación de impacto ambiental do "Proxecto do parque eólico Santuario e a súa infraestrutura de evacuación".
14. Aprobación dun informe sectorial sobre autorización administrativa da obra "Parque eólico Alto dos Borrillos e a súa infraestrutura de evacuación. (Curtís_Sobrado_Ferrol).
15. Autorización administrativa previa do "Proxecto parque eólico de Moeche e a súa infraestrutura de evacuación", (Moeche, As Pontes, As Somozas, Cerdido, Ortigueira e San Sadurniño).
16. Aprobación dun informe sobre o proxecto de Itinerario peonil e ciclista na AC-552. Treito Pastoriza - Vilarrodís. PQ 5+130 - 6+110, Arteixo.
17. Aprobación dun informe sectorial sobre a actualización da vía de alta capacidade da Costa Norte. Treito AG-64-Sanguifeira.
18. Aprobación dun informe sobre o proxecto de decreto polo que se crea a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

19. Aprobación de modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 para incluír unha nova convocatoria de axudas, a tramitar en 2021 polo servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

20. Dación de conta da Resolución de Presidencia núm. 2021/42781 pola que se avoca a competencia para aprobar as bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos para a realización de festivais de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2021.
21. Aprobación das bases reguladoras da convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para a axuda en especie aos entes de xestión dos 6 xeodestinos da provincia da Coruña coa cesión en propiedade de tres embarcacións eléctricas non somerxíbeis e a posta en marcha dun proxecto piloto de ecoturismo náutico.

ROGOS E PREGUNTAS